

DATA	12/11/2009
Nº	2086

Ref 1024 RBF/mcm

A Técnica responsable da actividade socio-educativa "Aulas Abertas", Mª Pilar Vilar Martínez emite unha proposta de contratación do servizo, co visto e prace da Concelleira delegada de Benestar Social, ata o 31 de decembro de 2009.

Dado o importe da mesma, 5.400 €, e a necesidade de axilizar o proceso de contratación, considerando o disposto ao respecto polo artigo 122 apartado terceiro da Lei 30/2007, de contratos do sector público en relación co 95 LCSP, e polo artigo 72 do real decreto 1098/2001, regulamento da lei de contratos, o expediente tramitarase como contrato menor.

Segundo o informe da Técnica responsable da actividade, das ofertas presentadas por SENES CIT, EULEN, ESPROADE, e IELE, a mais axeitada ás necesidades municipais, é a presentada por ESPROADE SERVICIOS INTEGRADOS.

Vistos os informes que constan no expediente,

RESOLVO:

Primeiro.- Autorizar o gasto e adxudicar o contrato para a execución do servizo denominado "AULAS ABERTAS" ata o 31 de decembro de 2009 á empresa ESPROADE SERVICIOS INTEGRADOS, con CIF B15664816, polo importe ofertado de 4.837,56 euros, IVE incluído, con cargo á partida 313A-227 do Presuposto en vigor (RC200900017673).

Segundo.- Notificar ao adxudicatario e dar conta da presente resolución á Intervención municipal.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 117.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 117.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición. En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 9 de novembro de 2009
O Xefe de servizo de economía e
facenda

Conforme coa proposta, elévase a resolución
Culleredo,de de 2008
A concelleira delegada de economía, facenda, réxime
interior e seguridade

Roberto Babio Fernández

Alicia Ferreiro Varela
(Resolución nº 1210/07 de data 2 de xullo de 2007; BOP nº176 , de
1/8/2007)

Dou fe,
O secretario xeral

Intervido e conforme,
A interventora xeral

Raul Martínez Martínez

Ana Mª Prieto Martínez